




# LETRAS GALEGAS

## 2019


Este ano para conmemorar a celebración das **Letras Galegas 2019** dedicada a Antonio Fraguas Fraguas desenvolvemos as seguintes actividades:

- Durante toda a semana traballouse a súa vida e obra nas aulas.





- Mural: Planificouse unha actividade conxunta para a decoración de ambos edificios que consistiu na realización de mapas de Galicia feitos polo alumnado e un gran debuxo de Antón Fraguas.





- **Letras Galegas.** Comezamos co desfile do “Maio” e as **coplas** elaboradas polo alumnado de 6º de EP. O baile correu a cargo dos alumnos de 4º e 6º de EP. Tamén se fixo entrega dos premios aos gañadores do Concurso de Escritura Rápida. Foi un acto moi emocionante!



Seguíndo o costume  
do ano pasado  
Aquí vímos todos  
a cantar o maio.

Os nenos de 6º  
Con moíta ilusión  
Recítanvos coplas  
De nova creación.

### COPLAS Maio 2019

Chega a primavera  
E no Emília cantamos  
Todos xuntíños  
Para festexar o maio.

Neste colexio  
a carón do mar,  
todos os nenos  
vímos xuntos celebrar.



No mes de maio  
xa crecen as flores  
e vestimos o maio  
con moitísimas cores.



Verán non das chegado,  
maís sí a calor,  
xa que a Xunta  
non apaga a calefacción.

Despois dun segundo  
trimestre interminable,  
Pasou este terceiro  
voando polo aire.

A Alvarella  
íremos de excursión  
Todos moi contentos  
Porque o curso rematou.

6ºB





Agora bailaremos  
Ao compás da muiñeira  
O baile que en danza  
Practicamos coas mestras.

Co noso director  
Nos nosos corazóns  
Nós nos despedimos  
Con grandes cancións.

A todos os profes  
E aos nosos compañeiros  
Queremos desexarvos  
Un verán estupendo.

Agora sí que sí,  
Con isto rematamos,  
Baílando todos xuntos  
Na festa dos maíos.

6ºC





- Por outra banda, estamos traballando na **Revista dixital EPB** para a súa próxima publicación. Que pretende ser unha escolma das actividades realizadas ao longo do actual curso escolar 2018-19.





Este ano quixemos remarcar a importancia do noso idioma e como agasallo repartimos entre toda a comunidade educativa un pequeno ramallo coa seguinte mensaxe: ***“A nosa lingua sempreviva...”*** e coa frase de Antonio Fraguas Fraguas moi significativa: ***“Ser galeguista non é máis que ser amante da nosa terra”***.



Letras Galegas 2019